

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de febreiro de 2005 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas aos estudantes universitarios interesados en solicitar a prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro) pola que se convocaron axudas para a solicitude de créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, como medida transitoria para facer fronte ás consecuencias do accidente do Prestige.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE nº16, do 19 de xaneiro de 1988) transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG nº 66, do 6 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG nº 156, do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico aos estudantes de ensino universitario, coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio de colaboración o día 13 de marzo de 2001, e unha addenda a este o día 12 de xuño de 2002, coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlles aos estudantes universitarios que realicen estudos en calquera universidade do sistema universitario de Galicia, así como para os estudantes universitarios que teñan a residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e cursen os seus estudos nalguna universidade de fóra do sistema universitario de Galicia, créditos bancarios a baixos xuros para o financiamento dos seus estudos universitarios.

O accidente do buque Prestige fixo necesaria a toma de medidas urxentes para facer fronte ás súas consecuencias co fin de compensar as familias dos estudantes universitarios especialmente afectadas polo cesamento da súa actividade e que puidesen ter dificultades para a continuación dos estudos.

En virtude de todo o anterior, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse axudas para os estudantes universitarios interesados en solicitar a segunda e última prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2003 (DOG do 21 de febreiro) pola que se convocaron axudas para a solicitude de créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, como medida transitoria para facer fronte ás consecuencias do accidente do Prestige e que reúnan os requisitos e condicións establecidas nesta orde.

Estas axudas son compatibles con calquera outra destinada para a mesma finalidade polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte correspondente dos xuros do préstamo con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 cunha contía de 1.577,69 euros, acadando unha contía global de 45.075,90 euros en axudas, de acordo co estipulado no convenio asinado coas entidades bancarias.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poderán ser beneficiarios da prórroga do préstamo subsidiado unicamente os estudantes universitarios, afectados polo accidente do Prestige, que teñan concedida axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na convocatoria realizada para o efecto e asinado contrato de préstamo cunha das entidades bancarias asinantes do convenio de colaboración.

Artigo 4º.-Características do préstamo.

Os préstamos concedidos pola entidade bancaria, de acordo cos termos do convenio, terán un tipo de xuro do 5,5%. O prazo de amortización de capital será de tres anos, tendo un prazo de carencia adicional de ata tres anos. Todos os prazos se computarán contando desde o inicio do trimestre natural seguinte á data de formalización, sendo a cota trimestral de capital e xuros constante. Os préstamos poderán ser obxecto de cancelación anticipada, sen ningunha penalización.

Artigo 5º.-Financiamento dos xuros.

Os xuros serán financiados da seguinte forma:

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao pagamento do 3,5% dos xuros no ano de carencia que resta, sempre que o beneficiario solicite a prórroga na correspondente convocatoria anual e as disponibilidades orzamentarias da consellería así o permitan. A subvención será aboada á entidade financeira con carácter anual, facéndose as dilixencias administrativas para o seu abonamento antes do primeiro vencemento anual.

b) A entidade financeira pola que opte o alumno, farase cargo do 2% restante dos xuros, sempre e cando permaneza vixente a axuda relacionada na alínea a) anterior.

Para ter dereito á prórroga da axuda da consellería, o alumno prestameiro deberá solicitala de acordo co establecido nesta convocatoria.

No caso de que o alumno non acredite a prórroga da axuda da consellería, citada na alínea a) anterior, o préstamo pasará automaticamente a liquidarse ao tipo de xuro do 5,5% nominal anual, segundo o exposto no artigo 4º.

Artigo 6º.-Solicitude, documentación e prazo de presentación.

As solicitudes, segundo modelo desta orde, anexo I, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixidas á Dirección Xeral de Universidades (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, (BOE do 14 de xaneiro) para a presentación de instancias.

Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

Os estudantes que soliciten a prórroga do préstamo deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo I desta orde.
- b) Declaración xurada do solicitante con expresión das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por parte doutros organismos públicos.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Tramitación.

Unha vez comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria e emendada, no caso de ser requirida, a documentación necesaria no prazo de dez días desde a súa notificación, a Dirección Xeral de Universidades elevará proposta de aprobación de cada expediente, no caso de cumprirse os requisitos exixidos, ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria quen, á vista desta, resolverá.

Transcorrido o prazo de dez días sinalado no parágrafo anterior sen que se emende ou complete a documentación requirida, arquivarase o expediente sen máis trámites.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

- a) Destinar o crédito para a finalidade para a que se concede.
- b) Amortizar o capital obxecto do préstamo.
- c) Cumprir as condicións específicas que as entidades financeiras determinen, de acordo coas súas normas de funcionamento e o convenio e addenda do 13 de marzo de 2001 e 12 de xuño de 2002, respectivamente.

Artigo 9º.-Resolución.

A Dirección Xeral de Universidades elevará un informe proposto motivado ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta

resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, segundo o disposto no artigo 78.10 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-Para os efectos establecidos no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de tres meses contados a partir da publicación da orde no DOG, producindo efecto desestimatorio a falta de resolución.

Cuarta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro) xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Universidades

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS AOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS INTERESADOS EN SOLICITAR A PRÓRROGA PARA O FINANCIAMENTO DOS XUROS DO PRÉSTAMO CONCEDIDO AO ABEIRO DA ORDE DO 5 DE FEBREIRO DE 2003 (DOG DO 21) POLA QUE SE CONVOCARON AXUDAS PARA A SOLICITUDE DE CRÉDITOS BANCARIOS PARA FINANCIAMENTO DOS SEUS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE 1º, 2º OU 3º CICLO, COMO MEDIDA TRANSITORIA PARA FACER FRONTE ÁS CONSECUCIAS DO ACCIDENTE DO PRESTIGE</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED434C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		

RESIDENCIA EN GALICIA

ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

RESIDENCIA FÓRA DE GALICIA

ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS ACADÉMICOS

TITULACIÓN	CURSO
UNIVERSIDADE GALEGA CURSO 2004/2005	CAMPUS
UNIVERSIDADE FÓRA DE GALICIA CURSO 2004/2005	CAMPUS

DATOS CRÉDITO

CONTÍA CONCEDIDA	<input type="checkbox"/> 3.005,06 €	<input type="checkbox"/> 6.010,12 €
------------------	-------------------------------------	-------------------------------------

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
--

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde de 23 de febreiro de 2005 pola que se efectúa convocatoria pública de axudas aos estudantes universitarios interesados en solicitar a prórroga para o financiamento dos xuros do préstamo concedido ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro) pola que se convocaron axudas para a solicitude de créditos bancarios para financiamento dos seus estudos universitarios de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, como medida transitoria para facer fronte ás consecuencias do accidente do Prestige.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA , de de

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 2 de febreiro de 2005 pola que se modifican os modelos de impresos relativos ao rexistro e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 12.5º da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, recoñécelles ás comunidades autónomas con competencia lexislativa en materia de industria a capacidade para introduciren requisitos adicionais en materia de seguridade industrial cando se trate de instalacións establecidas no seu territorio.

Coa publicación do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, establecéronse tanto as normas básicas como as condicións técnicas e garantías que afectan as instalacións electrotécnicas de baixa tensión.

A experiencia adquirida no tempo transcorrido desde a entrada en vigor do novo regulamento pon de manifesto a necesidade de, por unha banda, establecer o modelo de certificado de instalación a que se refire o número 5.4º da ITC-BT-04 aprobada polo antedito Real decreto 842/2002, e por outra banda, modificar os modelos de impresos de rexistro de instalación e da memoria técnica de deseño (MTD), publicados na Orde do 23 de xullo de 2003, pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

O novo regulamento modificou o procedemento para a posta en servizo das instalacións eléctricas, polo que cómpre derogar a Orde do 7 de xullo de 1997, pola que se establece o procedemento para a execución e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión, así como as normas de inferior rango.

Polo exposto, en uso das competencias que esta consellería ten atribuídas en materia de seguridade industrial e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a modificación dos modelos de impresos relativos ao rexistro e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Modificación dos modelos de impreso necesarios para o rexistro e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión.

Modifícanse os modelos de impreso de rexistro da instalación e da memoria técnica de deseño (MTD) que figuran nos anexos I-a e I-b da Orde do 23 de xullo de 2003, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 7 de agosto de 2003 e na súa corrección do 15 de setembro, quedando establecidos nos termos recollidos nos anexos I-a e I-b desta orde.

Artigo 3º.-Modelo de certificado de instalación.

O certificado de instalación a que se refire o número 5.4 da ITC-BT-04 aprobada polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, queda establecido segundo o modelo que figura no anexo II desta orde.

Disposición derogatoria

Única.-Á entrada en vigor desta orde quedará derogada a Orde do 7 de xullo de 1997, pola que se establece o procedemento para a execución e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión, así como todas as normas de inferior rango adoptadas para a súa aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio